- **Data:** Sábado 27 de xullo de 2019

- **REGULAMENTO XERAL**

  O Concello de Marín e Dsport Event AD organizarán o vindeiro Sábado 27 de xullo de 2019 , "+10 MARÍN MANUEL ROSALES, GRAN PREMIO CONCELLO DE MARÍN".

- **HORARIO E LUGAR DE SAÍDA**
  - A proba absoluta disputarase ás 22.00 horas, e terá a saída no Paseo da Alameda – Concello de Marín (Av. Ourense) e chegada na Alameda de Marín.
  - O percorrido terá unha distancia de 10 Km totalmente planos, sen desniveis considerables acumulados e homologado pola Real Federación Española de Atletismo (R.F.E.A.).
    - 21.00 Carreira biberóns (100 metros) (0-1-2 cumpridos no ano)
    - A continuación, Carreira Pitufos - 200m aprox. (3-4-5 cumpridos no ano)
    - A continuación, Carreira Prebenxamin - 300m aprox. (6-7 cumpridos no ano)
    - A continuación, Benxamín/Sub 10 - 500m aprox. (2010 - 2011)
    - A continuación, Carreira Alevín/Sub 12 - 500m aprox. (2008 - 2009)
    - A continuación, Carreira Infantil/Sub 14 - 1000m aprox. (2006 - 2007) Circuíto homologado
    - A continuación, Carreira Cadete/sub 16 - 1000m aprox. (2004 - 2005) Circuíto homologado
    - 22:00, Carreira Xuvenil /sub18 – 5.000 m aprox (2002-2003) unha volta o circuíto +100
    - 22:00 Só carreira adultos, desde Junior/Sub 20 en adiante (2001 e anteriores)

- **CATEGORÍAS NA CARREIRA ADULTOS MASCULINAS E FEMININAS**
  - Sub 20 - 23: Nados desde 1997 ata o 2001
  - Sénior: 1996 ata Máster
  - Máster A: De 35 a 44 anos cumpridos o día da proba
  - Máster B: De 45 a 54 anos cumpridos o día da proba
  - Máster C: De 55 a 64 anos cumpridos o día da proba
  - Máster D: De 65 anos cumpridos o día da proba e anteriores
- **CIRCUÍTO**
  - Saída na Alameda (Av. Ourense sentido Pontevedra->Marín-> Bueu) ata E. Naval: entrada ata espigón-saída da E. Naval – Gasolinera – Mercado – Policía Nacional e Correos – Gasolineira – "Farola" e Av. Ourense ata Concello – Cantodarea – (Volta por Av. Marqués de Valterra) – Av. Ourense (sentido Pontevedra –> Marín) – paso por "saída" na Alameda: 1 volta. Repetir unha 2ª

volta e entrada a meta. A Meta está sita na Alameda, pola parte superior: estrada PO-313.

- **RECOLLIDA DE DORSAIS:**
  - o Sábado 27 de xullo de 2019, ata 45 minutos antes da saída de adultos na secretaría de competición (Concello de Marín)
  - Menores: o Sábado 27 de xullo de 2019, ata 45 minutos antes da saída de menores na secretaría de competición (Concello de Marín) para os deportistas que se inscribiron pola web

- **CONTROL TECNICO DA CARREIRA**
  - A carreira estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

- **SISTEMA DE CRONOMETRAXE**
  - A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chip-dorsal- Cronotec. Haberá puntos de control ao longo do percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control establecidos poderán ser descualificadas se así o decide o xuíz árbitro da proba, coa consecuente eliminación dos resultados finais oficiais.

- **INSCRICIÓNS E PRAZOS**
  - A proba absoluta ten un custe de 6 € a través de www.cronotec.es ata o 23 de xullo ás 23:59h (tarifa reducida).
  - Dende o 24 de xullo a o 25 de xullo 7 ás 22.00 h (peche definitivo).
  - Todos os inscritos antes todos os participantes terán como obsequio bolsa técnica e camiseta técnica de competición
  - Menores: A inscrición Gratuíta . A matrícula da proba de menores pode realizarse entre o 15 de xullo ata o 25 de xullo en www.cronotec.es e o 26 e 27 de xullo ou en persoa no salón do Concello de Marín de 10 a 20 horas na entrada do concello.
  - Aos inscritos pertencentes a clubs de atletismo de Marín será de balde por xentileza do Concello Marín, tendo que facer a inscrición antes do 15 de xullo, a partir do 16 de xullo estarán sometido a inscrición normal como calquera outro deportista.

- **A proba estará controlada e sinalizada en todo momento. Os corredores deberán respectar as seguintes indicacións:**
  - Todo corredor/a que non entre en liña de meta co dorsal ben visible na zona do PEITO para a súa identificación ou que cometa algunha irregularidade ou non respecte as indicacións dadas pola organización, será automaticamente descualificado/a.

- Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados cada quilómetro. O control de chegada pechará 1h15' despois sa saída xeneral da carreira
- A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ó longo do percorrido.

- **SERVIZOS**
  - Vestiarios e duchas: Vestiarios do Pavillón do Sequelo e plaza de España
  - Os resultados serán expostos ó remate da proba, e na web www.cronotec.es

- **ENTREGA DE PREMIOS**
  - A entrega de premios será ó finalizar a proba (23:45 h. aprox.) na ALAMEDA.
  - Recibirán trofeo conmemorativo os tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada categoría da carreira de "Adultos" e "cadete - infantil". Nas carreiras "alevín – benxamín" e "prebenxamin- pitufos e chupete" recibirán un agasallo ao cruzar a liña de meta.
  - Premio especial: 1º e 1ª Marinense, nado no Concello de Marín

- **UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS**
  - As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas externas.
  - Non está permitido o acompañamento en carreira por parte de ningún vehículo alleo á organización, nin bicicleta, patíns ou persoas non inscritas na carreira que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ás persoas participantes. Así mesmo non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, animais, nin correr acompañados destes en ningún momento
- **RECLAMACIÓNS**
  - Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.
- **DESCUALIFICACIÓNS**
  - Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira ou os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.
  - Os xuíces da proba terán a facultade de descualificar o/a infractor que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido completo, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas Normas da **FGA**, **RFEA** ou **IAAF**.
  - As persoas corredoras descualificadas non terán opción aos premios e trofeos.
- **RESPONSABILIDADE**

- A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.
- A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

- **LOPD**
  - Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo DSport Event AD e o Concello de Marín para comunicacións sobre as súas actividades e publicación de reportaxes sobre a proba.
- **COMPROMISO**
  - A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.
- **CAMBIOS NO REGULAMENTO**
  - A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.
- **CONSIDERACIÓN FINAL**
  - Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase, por esta orde, polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.
  - PARA MAIS INFORMACIÓN. Máis información a través do 6071155726 ou no correo-e addsporteventad@gmail.com
- **Organiza:**
  - Dsport Event AD
  - Concello de Marín
- **Patrocinador. Institucional:**
  - Concello de Marín
- **Organizador Técnico/carreira menores:**
  - San Miguel de Marín.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.